

Un pregón non-nato de Otero Pedrayo e unha curiosa achega á bibliografía de Eladio Rodríguez González

Juan L. Blanco Valdés

I

O Día das Letras Galegas de 1970 dedicouse a Marcial Valladares Núñez, nado na aldea de Vilancosta, freguesía de San Vincenzo de Berres, nas vizosas ribeiras da Ulla estradense, e nome de especial relevancia na historia da nosa literatura por ser –tópico crítico– autor da considerada primeira novela moderna na lingua de nós, *Maxima ou a filla espuria*.

Era naquela altura alcalde da vila da Estrada Mario Blanco Fuentes, pai do que subscribe, quen cos actos de exaltación galeguista daquel 17 de maio asinou implicitamente o seu cesamento, o que efectivamente se produciu aos poucos meses. No xantar ofrecido polo Concello á Academia, o alcalde tivo ocasión de solicitar a Otero Pedrayo que oficiase de pregoeiro das próximas festas da vila, de celebración inminente, pois A Estrada está baixo o padroado de San Paio, 26 de xuño o seu día. Polo teor dos documentos conservados por Mario Blanco, o patriarca accedeu non só coa xenerosidade e modestia que lle eran propias senón con notábel prontitude (a carta que acompaña o texto é do 19 de maio) e redactou, no seu característico estilo, barroco e florido, unha semblanza lírica que fiaba a un tempo o desenvolvemento da poboación, a paisaxe da Ulla e a referencia ao neno mártir tudense, patrono da vila¹.

Por algún motivo, acaso indisposición de Otero, xa con oitenta e dous anos, imposibilidade de asistencia, ou, máis probabelmente, porque tralo Día das

¹ Non era, polo demais, a primeira vez que Otero cantaba á vila estradense. Xa o fixera en "Terra de Tabeirós, ledo camiño e A Estrada doce acougo", *El Pueblo Gallego*, 18 de novembro de 1951, co gallo das festas de San Martiño e "Los caminos de luz de la villa", *Faro de Vigo*, día de San Xoán de 1954.

Letras, con bandeira e himno galegos no acto de inauguración do monumento a Valladares, o alcalde veu que nos ámbitos provinciais do poder o forno non estaba para bolos, o pregón nunca foi pronunciado e o texto manuscrito ficou inédito, durmindo o sono dos xustos durante case trinta anos entre moreas heteroxéneas de papeis, ata un bo día no que quen asina, por mor de certa pescuda documental, deu co inédito obrigando ao ex-alcalde a facer memoria e reconstruír os feitos ata onde llo permitiu a amnesia dos anos. O texto, como interesante descuberta literaria que xerou grande expectación na vila, foi lido polo párroco da Estrada, D. Manuel Castiñeiras, na homilía da misa solemne do patrono, o día de San Paio de 1998, entregándose, ademais, unha copia do texto transcrito a todos os asistentes.

Tanto a carta dirixida ao daquela alcalde como o propio texto amosan unha letra perfectamente lexíbel e, como xa tivemos ocasión de comprobar nalgunha outra *trouvailla* oteriana², abondo rexa e dereita para un ancián que, ademais, por propia declaración, escribe indisposto e acollido ao leito.

Ourense, 19 do [sic] maio 1970

Sr. D. M. Blanco Fuentes

Na Estrada

Meu sempre querido e lembrado amigo:

Un abrazo. Onte, en Santiago, por botarme de polo os 82 pillei un catarro que me fixo acollerme ó leito ó chegar a ista casa. E no leito escribo, como podo, isa gabanza do San Paio e da Estrada. Prégolle que de lle non gostare, a bote ó corbe dos papés. Vai nista carta meu persoal agradecemento a tantas probas de amizade. Enxamais, penso eu, pode ser acollida millor unha Sociedade literaria como a Academia Galega. Para min foi a xornada mais leda e fermosa da miña vellez.

Sempre agradecido e antigo amigo, pregándolle comunique un respeitoso saúdo á Corporación.

Ramón Otero Pedrayo

² "Otero Pedrayo e Díaz Jácome: dous poemas inéditos", *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, 1998, pp. 139-143.

Outubro 19 do maio 1970

Sp. D. C. M. Blanco Fuentes
na Estrada

Meu sempre querido e lembrado amigo:

Mu abraço. Dute, eu Santiago, por bolarme de profs os
82 pillei nu cotano me me fixo acollerme o leite ó chegar
a esta casa. E no leite escribo, como profs, isa gabaura de
San Paio e de Estrada. P'é velle, me de de non gostave, a bo-
te ó corbe do papies. Vái nista carta meu pessoal agra-
decimento a tantos profs de amizade. Euxamais, meu
zo eu. Pode zer acollide millor, muha Saiedade Liara.
Viz como a Ucalemis Galea. P'e min foi a xornada
mais leda e fermosa de min e veller.

Sempre antiso e agradeio, amigo, preceptible to.
nunque me respectos saído a corporacion

Raimon Otero-Lera

Chegan as Festas padroeiras da Estrada. No xiro das sazós campestias e das vivencias urbanas, sempre concertadas e inxeridas nas cidás e vilas galegas, a data e romaxe do santo ou santiña é agardado con lediza. Como si os fogos do folión e as tonadas da alborada confirmaran ós nenos como mocíños e esper-taran nos vellos, como a chama acesa na brasa envolveita na cinza, as ilusios, fui anos fanadas, de xuventú algairante. Branca, como a frol do pirliteiro, entre os montes castrexos, a ribeira mimosa e a invitación xentil da Mariña, A Estrada loce o espírito da rúa cidadán no estilo de vida, na sociedade, no traballo e á conversa, gardando sempre o arrecender labrego da Vella Terra Nosa, como a frol de rial roseira do ramo de perto de medio cento de parro-quias enteiradas na sua familia xeográfica mais cordial do que ademministra-tiva. Con moi difrentes tons cantigan os seus tempos as torres e espadas de tantas freguesías e ermidas. No seu hourizonte as torres de Compostela locen, chamada e recompensa, folgo e arelanza de todos os camiños dos que a vila tivo seu nome de Estrada ou camiño real como espresando a obriga e a consi-na de ser, como fidalgo fogar, cada día máis adiantada no camiño da cultu-ra, o traballo, a cortesía, a exempraridade. E o Pico Sagro, fino e danzal alcipreste do xardin ullán goberna como bon mestre de capela, silencios e armonias, as composicións dos paisaxes, o devalar das horas e as sazós co frole-cer das fontes, os cantares e as festas. De lonxe e moi cerca no hourizonte da emoción raiolan os fogos da Festa Maior de Compostela e da Galiza. En honra e adicación de moitas sorridentes santiñas e bondosos patrós como abós labregos locen os foliós e badelan as campás de tantos pobos de que a Estrada é maorazga e prioira. E ela, no ceo de tan farta santidá, escolleu unha estre-la pequeniña pro do mais puro e cristaiño locir: un neno, un neno santo, o mais emozoante patronciño. Simbolo da espranza, xustificación e consoo no vivir, continuidade na historia, vencedor da morte ¿hai ren mais fermoso do que o neno ou nena? “Puer datus est nobis”, ténsenos dado un neno”, canta no Nadal a Eirexa xubilosa. Un neno inocente e fermoso, neno galego, das ribeiras do Miño onde ponlas da mesma torgueira a Galiza e Portugal collen seus vieiros, sempre irmáns, é pra a vila nova da terra de Tabeirós o mais fermoso símbolo. O patronciño sempre ledo e sorridente, o San Pelagio, ou Pelayo ou Paio, mártir por gardar a neve e frol da sua pureza frente a febre maldizoada do alarbio sensoal e cruel. Un neno galego, probiño e tenro, trun-fa do poder da forza e os tesouros. O feito histórico do martirio do neno Pelagio ou Paio érguese como lirio sen parexa, no xardín miragreiro da “leenda dourada”. É de xeito que todas as nais, ensoan as veces co martirio do seu neno naipelo para o acordar apertalo e bicalo entre bágoas e risas

Chegan as Festas patroceiras da Estrada. No xiro das saras cam-
picias e das vivencias robianas, sempre concertadas e inseridas
nas cidades e vilas galegas, a data e romaxe do santo ou santiña
é agardado con lediza. Como si os fogos do folión e as to-
nadas da alborada confirmaran os nenos como mozos e es-
quer taran nos vellos, como a chama acesa na brasa envolveita
na cinza, as ilurias, fai anos fanadas, de xuventú algairante.

Branca, como a frof do pír liteiro, entre os montes castreiros, a
ribeira mimosa e a invitación xentil da Marina, A Estrada
loce o espírito da rúa cidadán no estilo de vida, na sociedade,
no traballo e a conversa, gardando sempre o arreceder ba-
braco da Vella Terra Nosa, como a frof de ríal roseira do
ramo de preto de meio cento de parroquias enteiradas
na súa familia xeográfica mais cordial do que ademinis-
trativa. Con mois diferentes tons cantigan os seus tempos
as torres e espadeiras de tantas frecuencias e comidas. No seu
horizonte as torres de Compostela locen, chamada e recom-
pensa, folgo e arelaura de todos os camiños dos que a vila
tira seu nome de Estrada ou camiño real como espresando
a obriga e a cousina de ser, como fidalgo fogar, cada día
mais adiantada no camiño da cultura, o traballo, a cuote-
ría, a exemplaridade. É o Pico Saes, fino e doural alcipreste
do xardín ulian goberna como bon mestre de capela, silen-
cios e armonias, as composicións dos paisaxes, o devaleados
horas e as saras co frotecer das fontes, os cantares e as fer-
tas. De louxe e mois cerca no horizonte da emoción paiolas
os fogos da Festa Maior de Compostela e da Galiza. En honra e
atención de moitas roridentes santiñas e bondosos patros co-
mo abos labregos locen os folios e badelan as campas de tan-
tos pobos de que a Estrada é maorazaga e prireira. É ela,
no ceo de tan forte santiña, escolheu unha estreba frequ-
nosa, o mais puerco e cristaino locir; un neno, un ne-
nina pro do mais emoroante patron curo. Símbolo da es-
pransa, xustificación e consóo no vivir, continuidade na
historia, vencedor de morte; hai ven mais fermoso do
que o neno ou nena? "Puer salus est nobis", tense nos da-
do un neno", canta no Natal a Eirexa xubilosa. Un ne-
no, inocente e fermoso, neno galego, das ribeiras do Mi-
ño ante proubas da mesma tortureira a Galiza e o Por-
tugal collee seus veiros, sempre imano, é pra q vi.

agradecidas. Un patronciño novo, rosa xa roxa do sangue do martirio, obriga máis do que o vello asceta de barbas silvosas ou unha santiña punteando a muiñeira das romaxes do Ceu. Pois sinala o porvir, é frol de esperanza, boubera sido noxento treizoar a esperanza dun neno. Por iso cada Festa na Estrada quer dicir ocasión da alegría e a fraternidade de veciños e amigos, e o novo e cantareiro charetear do lume do amor das familias, un enxergar pra drento, un maior intimismo pra ire cadano millorando en beleza e cultura, nos valores eternos do home en sociedade, nestora mais urxentes que nunca, isa obra de arte e fe, de traballo de todos que debe ser unha vila como a Estrada, nada no hourizonte centroso da Galiza, frol do camiño, símbolo espranzado de canto fai a vida human dina de ter por patronciño ó neno mártir de pureza de aquil esprito que ergueu as torres de Santiago e ha manter a Nosa Terra, no vieiro da verdadeira liberdade e hirmandade dos homes e as naciós.

II

162

O segundo documento que hoxe presentamos quere ser a penas un contributo á bibliografía de Eladio Rodríguez González, o esforzado lexicógrafo a quen este ano festexan as nosas letras. Trátase dunha apretada semblanza biobibliográfica do autor publicada en 1964, centenario do seu nacemento, e de intención claramente divulgativa³. A Academia, presidida por Martínez-Risco, celebrou a efeméride nun acto en decembro dese ano⁴. Ignoro se algún medio máis a lembrou e, de ser así, con qué alcance. O que non deixa de ser realmente peculiar é que a achega á que me estou referindo aparecera nin máis nin menos que nas páxinas de *Arriba*, órgano primeiro de Falange Española e logo da Secretaría Xeral do Movemento ata a súa desaparición en 1979. En concreto, o artigo apareceu o domingo seis de setembro de 1964 na sección “Los Domingos de *Arriba*” e aparece asinado por Ramón Fernández-Pousa.

³ O texto segue claramente o *Diccionario bio-bliográfico de escritores gallegos (1951-53)* de Antonio Couceiro Freijomil, como se comproba especialmente, á parte de noutras coincidencias, na comparación de Rodríguez con Rosalía de Castro. Á súa vez, a entrada de Couceiro Freijomil remite a Samuel Eiján, *Historia de Ribadavia*, p. 622.

⁴ O día 18, coa presenza dos seus fillos e glosa laudatoria de Otero Pedrayo. Cfr. Xoán Carlos Lagares, *Don Eladio Rodríguez González*, Eds. A Nosa Terra, 2001, pp. 7-8.

la nova da terra de Taboairós o mais fermoso símbolo, o patroncino sempre ledo e sorridente, o San Pelagio, ou Pelagou ou Paup, mártir por guardar a neve e frof da sua puerza frente a febre maldizoadade do charbio sensual e cruel. Un neno galego, frofino e leuro, triunfa do poder da forza e os recursos. O feito histórico do mártir do neno Pelagio ou Paup escreve como lúrio seu puerza, no xestín misorgreiro da "leuda d'ousoata" "... É de xeito que todas as nais, cursan as veces co mártir do seu neno naipelo froa o acoutar apertado e bico-to entre braços e risas agradecidas... Un patroncino novo, to-da xa rosa do sangue do mártir, obriga mais do que os vellos escote de barbas silvoras ou muba santuía punteando a muineira das romaxes do leu... Pois sinala o proovir, e frof de esperanza, houbera sido noxento treizsar a esperanza dun neno... Por iso cada festa na Estrada quev de air e carón da Lepra, e a fraternidade de veciños e amigos, e o novo e cantareiro charatear do lume do amor das familias, un enxerpar froe drento, un maior intimis, mo froe ire catano millorando en behera e cultura, nos valores eternos do home en sociedade, nestora mais uxentes que nunca, isa obra de arte e fé, de traballo de todos que debe ser unha vila, como a Estrada, nada no horizonte centros da Galiza, frof do camuño, símbolo esperanzado de cambio fai a vida truniar dina de ter por patroncino o neno mártir de puerza de a- quél espírito que erexeu as Torres de Santiago e he manter a Uosa Terra, no vieiro da verdadeira li- bertade e humanidade dos homes e as naçós.



Natural de Longos (Ourense), onde naceu en 1904, profesor de Historia antiga que foi das Universidades de Madrid e Murcia, hemerógrafo erudito e xornalista especialmente afecto ó Réxime, Fernández-Pousa dirixiu dende 1942 a Hemeroteca Nacional da Dirección Xeral de Prensa e o Arquivo Xeral do Ministerio de Información e Turismo, e como autor deixou unha nutrida nómina de obras de hemerografía, arquivística, historia e crítica literaria⁵.



164

1864-1964

**PRIMER CENTENARIO DE
ELADIO RODRÍGUEZ GONZALEZ**

Por Ramón FERNANDEZ-POUSA

El 27 de julio de 1864 nace en San Clodio, Ayuntamiento de Leiro, provincia de Orense, don Eladio Rodríguez González, ilustre y representativa figura en el marco de la cultura gallega, a caballo de los siglos XIX y XX. Muere en Coruña el 14 de abril de 1949.

Gran y verdadero erudito, al estilo de Feijoo y Sarmiento o Murguía, se educa en su pueblo natal, en el que se dedica a la enseñanza. Se traslada luego a Coruña y el 20 de agosto de 1888 entra en propiedad al servicio de la Administración en el Ayuntamiento herculino jubilándose el 26 de agosto de 1937.

⁵ Cfr. especialmente o xa citado DBBEG de Couceiro Freijomil, *sub voce*, e a Gran Enciclopedia Galega, s.v., que segue o DBBEG, malia omitir os cargos públicos desempeñados por Fernández-Pousa que recolle Couceiro.

Familia, ciudad, patria y Dios, "O Ribeiro" de los buenos vinos y Coruña fueron los amores inmutables de una fecunda vida, reglada, polifacética, de trabajo entusiasta y constante, impregnada por "o santo amor a Terra e o forte amor a Aldea".

Como periodista, trabaja infatigablemente en diarios, revistas, como corresponsal de la Prensa gallega de la emigración más allá del Atlántico; dirige los diarios coruñeses "La Mañana" y "El Noroeste"; figura en la primera Junta de la Asociación de Prensa de La Coruña en 1904 y luego llega a ser su presidente. Colabora activamente en "Revista Gallega".

Como académico, es uno de los cuarenta miembros fundadores de la Real Academia Gallega -1905- y luego secretario, durante siete años, bajo la presidencia de Murguía, Martínez Salazar y Ponte Blanco. En 20 de noviembre de 1926 es elegido presidente, puesto al que renuncia por motivos de salud en 1934. Su gestión ha sido, como en todo, inteligente, abnegada y brillante. También es fundador de "A Cova Céltiga".

En su calidad de gran poeta en gallego, es premiado en múltiples ocasiones. En Betanzos, 1886; en Pontevedra, 1887; en Tuy con la poesía "Desperta" (Despierta), 1891; en Santiago de Compostela en "Festa da Lingua Galega", con "Oracios campesiñas" (Oraciones campesinas), 1924. En 1922 publica en Ferrol del Caudillo "Raza e Terra" (Raza y Tierra); en 1894 ven la luz en Coruña sus poesías gallegas "Folerpas" (Copos de nieve), y en 1927, también en la Ciudad Herculina, sus versos gallegos "Oraciós campesiñas" (Oraciones campesinas). Son justamente renombradas "Puzo do lago" e "Os orfos da emigración" (Los huérfanos de la emigración). En sus versos la métrica es siempre correcta; la lengua esmerada y de carácter orensano; realismo combinado con idealismo; temática predominantemente campesina, a veces regionalista, fruto del ambiente de su época; otras veces, la emoción, el sentimiento de dulzura y amor apasionado a Galicia le elevan a la altura indiscutible nada menos que de la propia Rosalía de Castro.

Escritor bilingüe -como tantos gallegos-, publica "La última broma", Coruña, 1897, en colaboración con don Alfredo de la Fuente, a propósito carnavalesco representando en el Círculo de Artesanos. "La última broma, definitivamente, y Perdón, que no lo volvemos a hacer, o el Gachó del Cisne", Coruña, 1898, representada en el Teatro Principal, y en colaboración con el

mismo autor. "Catálogo de las obras que figuran en la Biblioteca de la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos de La Coruña", 1901, y "Suplemento", 1907. "La Cruz Roja. Memoria de la Comisión Provincial de La Coruña", Coruña, 1902. Excelente crítico bibliográfico y teatral, nos legó también "Memoria del Teatro Principal de La Coruña" (hoy Rosalía de Castro) que comprende los años 1911 y 1915, Coruña, 1916. Tampoco olvidó los encantos de Galicia y como pionero de su turismo escribió "Galicia. Guía para el turista", Coruña, 1916.

166 Sin embargo, la obra cumbre de Rodríguez González es el magno monumento que con "respeto y amor de hijo, de monje" desde la infancia hasta el último aliento, en tensa vigilia creadora, "Diccionario Enciclopédico Gallego Castellano", una de las más grandes obras con que cuentan el saber y las letras gallegas, consagró a la lengua de Rosalía. No logró verla publicada, pero su hijo, el ilustre académico Xulio [sic] Rodríguez Yordi, el mecenas de la Casa de Galicia de Caracas y "Galaxia" de Vigo han hecho el prodigio de darla a luz en tres grandes tomos -Vigo, 1958, 1961-, y nada menos que 2.054 páginas de apretado texto. Palabras, refranes, modismos, noticias sobre personas y cosas en los más diversos y variados aspectos, usos y costumbres, etnología, historia, todo palpita con brío en esta Enciclopedia viva que a los cien años de su redacción se hace obra de indispensable cotidiana consulta para todo aquel que toque algún tema referente a Galicia, y de manera especialísima a su filología, que tanto amaba nuestro ilustre paisano, cuyo recuerdo emocionadamente actualizamos en estas sus primeras conmemoraciones centenarias. Rodríguez González, en la línea de los grandes eruditos gallegos de todos los tiempos, legó una excelente lección de actividad y rectilínea entrega apasionada a una empresa cultural de altos alientos y de anchura de horizontes.

En su época y ambiente no podía hacer más y mejor de lo que hizo.